

Normas de organización e funcionamento

C.E.E. Nosa Sra do Rosario



Ronda Camilo José Cela, 2
15008 A Coruña

Aprobado en sesión de Consello Escolar de 26/03/2012

Curso 2011-12



Introducción	3
Principios fundamentais	3
Procedemento de elaboración e aprobación	3
Normativa	4
Capítulo I: Disposicións xerais	5
Capítulo II: Dos alumnos	7
Dereitos	7
Deberes	7
Capítulo III: Do profesorado	8
Dereitos	8
Deberes	8
Gardas	9
Gardas en período lectivo	9
Gardas de recreo	9
Gardas de tarde	9
Gardas de transporte	10
Capítulo IV: Do persoal de administración e servizos	12
Dereitos	12
Deberes	12
Capítulo V: Dos pais/nais e titores legais	13
Dereitos	13
Deberes	13
Capítulo VI: Dos órganos de goberno e de coordinación docente	15
Dos órganos de goberno	15
Dos órganos de coordinación docente	16
Capítulo VII: Dos órganos de participación da comunidade educativa	17
Capítulo VIII: Das normas de convivencia	18
Normas xerais	18
Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección	21
Capítulo IX: Das actividades complementarias e extraescolares	27
Capítulo X: Dos recursos materiais e espazos	28
Capítulo XI: Dos servizos complementarios	29
Art. 51. Do servizo de transporte escolar	29
Capítulo XII: Da utilización das instalacións do centro fóra do horario lectivo	30
Capítulo XIII: Do procedemento de asistencia sanitaria	31
Capítulo XIV: Da revisión das Normas de Organización e funcionamento	32



Introducción

Principios fundamentais

As normas de organización e funcionamento son o conxunto de obxectivos e normas polas que se regulan as relacións humanas dos membros da comunidade educativa e o funcionamento do centro e constitúe o instrumento básico para potenciar unha educación integral da liberdade, a responsabilidade, a autonomía e a participación.

O presente documento ten carácter normativo. Establece pautas, regras, procedementos a seguir no desenvolvemento das actividades dos órganos e persoas da comunidade educativa. Pretende artellar a organización do centro así como o uso racional e cívico dos recursos, materiais e instalacións.

Trátase dun documento permanentemente revisable e entendémolo como un instrumento adaptable á realidade educativa e normativa e en todo momento contará cun consenso e apoio da comunidade educativa.

Procedemento de elaboración e aprobación

As normas de organización e funcionamento serán aprobadas polo Consello Escolar. Así mesmo, e co fin de garantir a máxima participación da comunidade educativa, establécese o seguinte procedemento para a súa elaboración, aprobación e revisión:

- ✓ Abrirase un prazo para presentación de sugerencias por parte dos membros da CCP, o Claustro de profesores, Comisión do Observatorio de Convivencia e do Consello escolar.
- ✓ Unha vez rematado este prazo, o equipo directivo elaborará un borrador que será remitido a todos os membros da Comisión do Observatorio de Convivencia para o seu estudo e propostas de enmendas.
- ✓ A continuación, remitirase este novo documento:
 - Aos membros da CCP para a súa valoración.
 - Ao Claustro de Profesores para a súa valoración.
 - Ao Consello Escolar para a súa aprobación.
- ✓ Deberá ser aprobado pola maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.
- ✓ Este Regulamento deberá ser exposto nas aulas, na sala de profesores e na oficina de secretaría do colexio, para o seu coñecemento e consulta.



Normativa

- ✓ Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.
- ✓ Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✓ Lei 42/2010, de 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venta, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.
- ✓ Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e Primaria.
- ✓ Decreto 324/1996 do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria.
- ✓ Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- ✓ Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- ✓ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ Orde do 28 de agosto de 1995, pola que se regula o procedemento para garantir o dereito do alumnado da ESO e do bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
- ✓ Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non univesitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos.
- ✓ Corrección de erros.-Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e educación de adultos.
- ✓ Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- ✓ Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos institutos de educación secundaria e que establece a súa organización e funcionamento.
- ✓ Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.



Capítulo I: Disposicións xerais

Art. 1. O Colexio de Educación Especial “Nosa Sra. do Rosario” da Coruña é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Considérase servizo público e ten fins exclusivamente educativos. Garántese a todos e todas os/as integrantes da comunidade educativa a liberdade ideolóxica e de conciencia, así como a facultade de expresar as súas opinións e desenvolver a súa personalidade sen outros requisitos que o respecto aos outros, os límites derivados da existencia de convivencia e normal clima de traballo e a suxeición ás normas contidas neste documento e a normativa vixente.

Os principios educativos e os obxectivos xerais da comunidade educativa axustaranse ao establecido nas disposicións legais e actividade educativa terá os seguintes fins:

- ✓ O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
- ✓ A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- ✓ A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural.
- ✓ A formación relixiosa e moral, na medida das posibilidades do centro, que estea sempre de acordo coas conviccións dos seus proxenitores e titores legais.
- ✓ A formación para a paz, a cooperación e solidariedade entre os pobos.
- ✓ O desenvolvemento harmónico da afectividade, da autonomía persoal e da capacidade de relación cos demais.
- ✓ A educación que asegure a protección da saúde e o desenvolvemento das capacidades físicas.
- ✓ Fomentar a conciencia de preservar o medio natural e cultural, e moi especialmente o do noso ámbito máis inmediato.
- ✓ Favorecer, como obxectivo básico, a educación personalizada e individualizada.
- ✓ Organizar actividades nas que o alumnado aprecie o valor e dignidade do traballo e a pertenza a un grupo.
- ✓ Potenciar e favorecer as relacións entre o persoal docente e o persoal non docente.
- ✓ Contribuír a crear un clima onde o gusto pola aprendizaxe sexa compatible co respecto ás demais persoas e instalacións e medios materiais do centro e do ámbito.

Art. 2. A participación na xestión e control do centro farase de acordo co disposto na legislación vixente.

Art. 3. O Centro estará aberto a buscar a súa integración no medio social mediante a colaboración con diversas institucións e asociacións de carácter non lucrativo, facilitando a utilización das instalacións do centro aos cidadáns.

Art. 4. Recoñéceselle a todo o persoal do centro o dereito a proporcionar e recibir información sindical, a celebrar reunións no propio centro, así como a dispoñer dun taboleiro de anuncios dedicado exclusivamente a estes fins.



Art. 5. Recoñéceselle a todo o persoal do centro o dereito a expresarse en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade de Galicia.

Art. 6. O colexio, a través dun Proxecto Lingüístico, pretende contribuír á normalización cultural e lingüística da Comunidade de Galicia.

Art. 7. A organización do centro terá un carácter dinámico e intentará dar desposta ás necesidades educativas especiais dos nosos alumnos.

CEE Nosa Sra. do Rosario



Capítulo II: Dos alumnos

Dereitos

Art. 8. Os alumnos do CEE *Nosa Sra. do Rosario* disfrutarán dos seguintes dereitos:

1. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Deberes

Art. 9. Os alumnos/as do CEE *Nosa Sra. do Rosario* deberán observar o cumprimento dos seguintes deberes:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
2. Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
3. Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.



Capítulo III: Do profesorado

Dereitos

Art. 10. Os profesores/as do CEE *Nosa sra do Rosario* terán dereito:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011 de 30 de xuño.
7. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes

Art. 11. Os profesores/as do CEE *Nosa sra do Rosario* deberán observar o cumprimento dos seguintes deberes:

1. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoa en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
5. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.



Gardas

Gardas en período lectivo

Art. 12. Segundo as necesidades de cada momento e as disponibilidades do centro, os profesores de garda terán como funcións:

1. Substituír os profesores ausentes.
2. Manter a orde e vixilancia dos lugares comúns. En ausencia do equipo directivo o profesorado de garda tomará as decisións que considere oportunas e informará a dirección o máis axiña posible.
3. Velar pola orde e bo funcionamento do centro, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases.
4. Rexistrar no libro de gardas as ausencias e faltas de puntualidade dos profesores e calquera outra incidencia que se teña producido.
5. Resolver no acto cantas incidencias de alumnos se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera dos membros do equipo directivo presentes nese momento no centro, ben, en ausencia destes, adoptando as medidas que estime máis oportunas.
 - a. Cando se produzan feitos contrarios ás normas de convivencia por parte dalgún alumno, o profesor emitirá o correspondente parte de incidencias e deixará copia en xefatura de estudos.
6. Cantas outras lle encomende a dirección do centro.

Gardas de recreo

Art. 13. Durante o tempo de lecer, os encargados de custodiar aos alumnos será un profesor e a coidadora que desenvolve as súas funcións en horario de mañá. O tempo de lecer dos alumnos de EI, EP e FB agrúpase nun único período que vai desde as 11:30 ata as 12:00 coincidindo co tempo de lecer do CEIP María Pita.

Durante este tempo de lecer, cando as condicións climatolóxicas o permitan, os alumnos permanecerán no patio de recreo do CEIP María Pita.

Art. 14. O tempo de lecer do alumnado de ESO agrúpase nun único período que vai desde as 11:15 ata as 11:45 coincidindo co tempo de lecer do IES Otero Pedrayo.

A principios de cada curso, e por proposta da CCP, será solicitado ao director do IES Otero Pedrayo o uso das instalacións do IES polos nosos alumnos durante este tempo. O profesor de garda, si non está de acordo con esta proposta, poderá rexeitar facer a garda de recreo nas instalacións do IES Otero Pedrayo. Nese caso, o tempo de lecer será disfrutado polos alumnos nas instalacións do noso centro.

Gardas de tarde

Art. 15. A garda da tarde comprende desde as 15:00 ata as 17:00 horas.

1. Dada a ratio de alumnos do noso centro será suficiente un profesor de garda.
2. Desde a xefatura de estudos confeccionase unha lista mensual de profesores de garda cun profesor de garda suplente para cada día.



3. Poderanse facer cambios de datas de garda entre o profesorado. Será imprescindible cumprimentar con antelación o impreso que para tal fin existe no centro. O impreso será entregado ao xefe de estudos para a autorización do devandito cambio.
4. Cando un profesor que está de suplente fai unha garda por estar ausente o profesor de garda titular, non fará a garda que lle corresponda nun mes posterior.
5. As actividades extraescolares comezan ás 15:00 horas. Os coidadores do centro acompañarán aos alumnos ata que sexan recollidos polos monitores responsables das actividades.
6. Os monitores das actividades extraescolares son os responsables das mesmas e cando algún alumno teña un comportamento contrario ás normas de convivencia do centro deberá recollelo no libro de incidencias que para tal fin teñen os responsables das actividades.
 - a. Deixarán unha fotocopia da incidencia en Xefatura de estudos.
7. En casos excepcionais nos que a conducta dun alumno entorpeza o normal funcionamento da clase, este poderá ser expulsado da actividade e permanecerá a cargo do profesor de garda ata o remate da mesma.
 - a. O profesor de garda recollerá os feitos no libro de incidencias e deixará unha copia en xefatura de estudos.
8. En caso de accidente ou enfermidade dalgún alumno, seguiranse as directrices establecidas no Capítulo XIII deste regulamento.
9. Á finalización das actividades extraescolares, os monitores acompañarán aos alumnos ata a porta de saída e comprobarán que son recollidos polos acompañantes dos respectivos transportes. O profesor de garda supervisará a correcta saída dos alumnos do Centro desde o recibidor de entrada. En conserxería haberá un documento coa información sobre a saída dos alumnos en función das actividades extraescolares nas cales están inscritos.
10. No caso dos alumnos que regresan nos autocares escolares, aplicarase o establecido no Plan de Transporte.
11. No caso dos alumnos que son recollidos pola familia no propio Centro, o profesor de garda porase en contacto telefónico cos pais ante un ocasional retraso destes no horario de recollida. Cando non fose posible contactar telefónicamente, o profesor de garda porase en contacto coa policía.

Gardas de transporte

Art. 16. De acordo coa ORDE de 23 de xuño de 2011, será un profesor do centro o encargado de recoller aos alumnos/as que usan o transporte escolar e de custodialos xunto coa coidadora do centro desde as 08:40 a 08:45 no caso do alumnado de ESO e de 08:40 a 09:00 no caso do alumnado de EI, EP e FB.

Os alumnos permanecerán no recibidor que dá acceso ás aulas do 1º andar ata que sexan recollidos polos diferentes profesores que imparten docencia na 1ª sesión.

Art. 17. Para a saída, coincidindo co remate das actividades extraescolares, levarase a cabo o seguinte protocolo:

1. Período no que non hai actividades extraescolares: Será a encargada de comedor ou o director do centro, en función de quen esté de garda de comedor, xunto coas coidadoras do centro os encargados de entregar os alumnos aos acompañantes do transporte escolar.



2. Período no que hai actividades extraescolares: Seguirase o establecido no Art. 15.9, 15.10 e 15.11 destas normas.

CEE Nosa Sra. do Rosario



Capítulo IV: Do persoal de administración e servizos

Dereitos

Art. 18. O administrativo, conserxe, coidadores, persoal de cociña e persoal de limpeza, disfrutarán dos seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
5. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da lei 4/2011 de 30 de xuño.

Deberes

Art. 19. O administrativo, conserxe, coidadores, persoal de cociña e persoal de limpeza, terán os seguintes deberes:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.



Capítulo V: Dos pais/nais e titores legais

Dereitos

Art. 20. Os pais e nais ou titores legais dos alumnos/as do CEE Nosa Sra. do Rosario son os primeiros responsables da educación dos seus fillos ou pupilos. De tal obriga despréndese os seus dereitos e os seus deberes. Terán os seguintes dereitos:

1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A participar na xestión e organización do centro educativo a través das canles dispostas na lei.
3. A asociarse libremente formando asociacións de nais/pais de acordo coa normativa vixente.
4. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
5. A ser informados da avaliación psicopedagóxica dos seus fillos e das medidas propostas, e terán dereito a ter unha copia do informe psicopedagóxico previa petición por escrito ao xefe do departamento de orientación.
6. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
7. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
8. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes

Art. 21. Os pais e nais ou titores legais dos alumnos/as do CEE *Nosa Sra do Rosario* deberán observar o cumprimento dos seguintes deberes:

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
2. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
5. Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
6. Proporcionar, na medida das súas disponibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.



7. Estimularlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.
8. Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos.
9. Proporcionar ao centro reposto das pilas necesarias para o bo funcionamento das próteses auditivas.
10. Enviar aos seus fillos nas condicións hixiénicas axeitadas.

CEE Nosa Sra. do Rosario



Capítulo VI: Dos órganos de goberno e de coordinación docente

Dos órganos de goberno

Art. 22. A participación dos membros desta comunidade educativa artéllase seguindo tres canles: órganos de goberno do centro, órganos de coordinación docente e órganos de participación da comunidade educativa.

Art. 23. No CEE “Nosa Sra. do Rosario” existen tres órganos de goberno unipersoais: director/a, xefe/a de estudos e secretario/a.

Art. 24. Estes constitúen o equipo directivo e deben realizar as súas funcións de xeito coordinado.

Art. 25. Corresponde ao equipo directivo a coordinación de tódalas continxencias que, non estando previstas, poidan presentarse.

1. O equipo directivo poderá solicitar dalgún membro do profesorado ou do persoal de administración e servizos a colaboración para afrontar as situacións non previstas ou non definidas, sempre que lle correspondan ao ámbito de actuación e dentro do horario dos afectados.

Art. 26. No CEE “Nosa Sra. do Rosario” existen dous órganos de goberno colexiados: O Claustro de Profesores e o Consello Escolar.

Art. 27. O Claustro de profesores é o órgano de participación destes no goberno do centro, integrado pola totalidade dos profesores/as e presidido polo director.

Art. 28. O Consello Escolar é o órgano a través do cal participan na súa xestión tódalos membros desta comunidade educativa.

1. Dentro do Consello Escolar organizaranse prioritariamente tres comisións:
 - a. Comisión económica. Formada polo director/a, secretario/a, un representante do profesorado e un representante dos pais.
 - b. Comisión do comedor. Formada polo director/a, secretario/a, o encargado/a do comedor, un representante do profesorado e un representante dos pais.
 - c. Observatorio de convivencia. Formado polo director/a, xefe/a de estudos, o orientador/a, tres representantes do profesorado, un representante dos pais, un representante do persoal non docente e un representante dos alumnos.
 - d. O Consello Escolar poderá organizar tódalas comisións extraordinarias que considere oportunas coa composición que sexa aprobada por un mínimo de dous tercios dos seus compoñentes.

Art. 29. Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un tercio,



polo menos, dos seus membros. Neste último caso, o presidente realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días a contar desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da entrega da petición de convocatoria. En todo caso reunirse ao inicio e ao remate do curso.

Art. 30. Nas reunións ordinarias o director remitiralles aos membros do órgano colexiado, xunto coa convocatoria, e cunha antelación mínima dunha semana, a documentación necesaria.

Art. 31. Se os asuntos que se van tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas.

Art. 32. Nos casos de urxencia, a convocatoria realizarase sen suxeición a prazo previo.

Dos órganos de coordinación docente

Art. 33. No CEE “Nosa Sra. do Rosario” existen os seguintes órganos de coordinación docente:

1. Equipos de ciclo para Educación Infantil, Educación Primaria e Formación Básica.
2. Departamentos para E.S.O.
3. Departamento de Orientación
4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
5. Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
6. Comisión de coordinación pedagóxica.

Os seus componentes e súas funcións están reguladas pola normativa vixente.

Art. 34. No CEE Nosa Sra. do Rosario poderá existir, según a dispoñibilidade do profesorado do centro, un Equipo de dinamización da biblioteca.

Art. 35. No CEE Nosa Sra. do Rosario poderá existir, según dispoñibilidade do profesorado do centro, un Equipo de dinamización das TICs.



Capítulo VII: Dos órganos de participación da comunidade educativa

Art. 36. Son órganos de participación no CEE “Nosa Sra. do Rosario” a asociación de nais e pais e os delegados de alumnos de ESO.

1. Estes órganos terán as atribucións e desenvolverán as funcións que determinan a lei e este documento

Art. 37. Os delegados de alumnos de ESO:

1. Serán elexidos democráticamente polo alumnado da súa clase.
2. Recollerán as propostas da súa clase para trasmitilas aos/ás titores/as e/ou outros órganos de coordinación según proceda.
3. Trasmitirán aos/ás seus representados/as a información que reciben dos distintos órganos de coordinación.
4. Poderán reunirse fóra das horas de clase (e só excepcionalmente en tempo lectivo) para tratar asuntos que afecten ao colectivo de alumnos.
5. En calquera caso, solicitarase a correspondente autorización de xefatura de estudos.
6. Trasladarase comunicación dos acordos tomados ao equipo directivo.
7. Os/as delegados/as de grupo cesarán no seu cargo nos seguintes casos:
 - a. Se son sancionados por falta grave.
 - b. Se o decide o Consello Escolar, a proposta fundamentada da dirección, por incumprimento reiterado das súas funcións.
 - c. Se o interesado/a presenta a súa dimisión en escrito dirixido ao titor/a.



Capítulo VIII: Das normas de convivencia

Normas xerais

Art. 38. Das entradas e saídas do centro.

1. O centro abre as súas portas ás 08:40 e pecha ás 20:00 horas.
 - a. O horario escolar para Educación Infantil, Educación Primaria e Formación Básica é de xornada continuada de 09:00 a 14:00 horas.
 - b. O horario escolar para ESO é de xornada continuada de luns a venres de 08:45 a 14:15 horas e os luns pola tarde de 15:20 a 17:00 horas.
 - c. O horario de atención no centro de recursos é os luns de 15:00 a 16:00 e de 19:00 a 20:00 e de martes a venres de 15:00 a 20:00 horas.
 - d. Coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores por parte do profesorado, dos titores e dos membros do equipo directivo sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes.
2. Como norma xeral, ningún alumno abandoará o centro dentro do horario lectivo se non é recollido por algún dos seus pais, titores legais ou persoas que estes establezan, comunicándoo o colexio.
 - a. Se un alumno ten que abandoar o centro e non puidiera ser recollido por un familiar directo, os seus pais ou titores deberán facer, previamente a saída, unha petición por escrito diante dun membro do equipo directivo.
 - b. Diante dunha indisposición leve dun alumno, se ten que abandoar o centro, comunicarase ao seu domicilio e agardarase a que veñan a recollelo.
3. Cando os alumnos de ESO teñan clase no IES Otero Pedrayo, na sesión anterior, o profesor correspondente, deixaraos sair con 5 minutos de adianto.
4. Do mesmo xeito, cando os alumnos regresen das aulas de integración, se o tempo de retraso supera os 10 minutos, deberase facer constar no parte de aula e avisar á Xefatura de Estudos.

Art. 39. Das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado

1. Os profesores que imparten docencia nas diferentes unidades, levarán un rexistro diario das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado da súa clase a través dos documentos que para tal fin se facilitan ao principio de curso.
2. O mesmo procedemento levarase a cabo nas unidades do Centro de Recursos.
3. Constará nos boletíns informativos e nas actas de avaliación.
4. No caso do alumnado de ESO, ademais, cada mes os titores comunicarán as faltas non xustificadas dos seus titorandos ás familias destes por sms, correo electrónico ou correo ordinario.
5. Os pais ou titores legais dos alumnos, para xustificar as faltas de asistencia, aportarán a documentación pertinente (parte médico, cita xudicial...)
 - a. Os xustificantes presentados serán custodiados polo titor/a de forma confidencial.
6. Os profesores responsables das unidades do Centro de Recursos entregarán mensualmente un resumo das faltas dos seus alumnos ao Xefe do Departamento de Orientación.



7. Cando as faltas inxustificadas superen o 10 % mensual terán carácter de absentismo.
8. Cando os titores de EI/EP/FB e ESO constaten que algún alumno da súa titoría supera o 10 % de faltas sin justificar nun mes, comunicaranos por escrito ao Xefe de Estudos quen tomará as seguintes medidas:
 - a. Comunicación aos pais/nais ou titores legais da porcentaxe de faltas sen xustificar e o inicio do protocolo de absentismo escolar.
 - b. Comunicación ao Departamento de Orientación para que de inicio ao protocolo de absentismo escolar.
 - c. Comunicación á Dirección para que informe, se procede á Inspección educativa.
9. A perda do dereito á avaliación continua será solicitada polo profesorado correspondente ao equipo do grupo do alumno, cando o considere necesario (previamente, o titor debería informarlles ao alumno e á súa familia, a posibilidade da perda do dereito á avaliación).
 - a. O alumno debe ter perdas alomenos 1/3 das horas de clase impartidas (xustificadas ou non) e estaren registradas nos correspondentes partes de asistencia.
 - b. Se a proposta é aceptada (estando a favor dela un mínimo de 2/3 dos profesores do grupo), será elevada á xefatura de estudos para a súa comunicación ao interesado e os seus pais.
 - c. A perda do dereito a avaliación continua non suporá a perda do dereito á asistencia a clases.
 - d. Cada departamento deberá artellar as probas para os alumnos que se atopen nesta situación.

Art. 40. Da condición de autoridade pública do profesorado.

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.
2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito, teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.
 - a. Cando sexa precisa a constatación escrita de feitos relacionados coa medidas disciplinarias o profesorado utilizará o modelo de parte de incidencias que está á súa disposición na Xefatura de Estudos do centro.
3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
4. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a



xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Art. 41. Do incumprimento das normas de convivencia.

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa.
3. As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar.

Art. 42. Da responsabilidade e reparación de danos.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Art. 43. Dos principios xerais das medidas correctoras

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia:
 - a. Terán un carácter educativo e recuperador,
 - b. Garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado
 - c. Procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. Na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.



- c. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- d. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

Art. 44. Das condutas leves contrarias á convivencia

1. Condutas leves contrarias á convivencia.
 - a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificadas e as actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
 - b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
 - c. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
 - d. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
2. Prescrición das condutas leves contrarias á convivencia.
 - a. As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao mes.
 - b. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. Medidas correctoras e persoa responsable da súa aplicación.
 - a. Amoestación privada ou por escrito.
 - i. A persoa responsable serán: o profesorado ou titor/a da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, o xefe de estudos ou o director do centro.
 - b. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
 - i. A persoa responsable será: o titor ou profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.
 - c. Realización de traballos específicos en horario lectivo.
 - i. A persoa responsable será: o profesorado ou titor/a da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, o xefe de estudos ou o director do centro
 - d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.



- i. A persoa responsable será: o profesorado ou titor/a da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, o xefe de estudos ou o director do centro
 - e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
 - i. A persoa responsable será a persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor.
 - f. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - i. A persoa responsable será a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.
 - g. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - i. A persoa responsable será a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.
- 4. Prescrición das condutas leves contrarias á convivencia.
 - a. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Art. 45. Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

- 1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
 - a. As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
 - b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
 - d. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.



- e. As actuacións que constituían acoso escolar considerando como tal calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.
 - f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
 - g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
 - h. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
 - i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
 - j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
 - k. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
 - l. O incumprimento das sancións impostas.
2. Prescrición das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
- a. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses.
 - b. O prazo de prescrición cando se trate dunha conduta continuada non se empezará a computar mentres aquela non cese.
 - c. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.
3. Medidas correctoras
- a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
 - b. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
 - c. Cambio de grupo.
 - d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.



- e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
 - f. Cambio de centro.
4. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- a. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación dun procedemento disciplinario.
 - b. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
 - c. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.
 - d. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
 - e. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos.
 - i. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.
 - f. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta.
 - i. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.
 - g. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.
 - h. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.



- i. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Art. 46. Dos programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras.

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Art. 47. Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

- i. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia con carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o cumprimento de cumprimentos das accións reparadoras.
- ii. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.
- iii. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.
- iv. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar,

Art. 48. Da graduación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

1. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
2. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
3. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
4. A natureza dos prexuízos causados.
5. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

**Art. 49.** Da prevención e tratamento das situacións de acoso escolar

1. Protección integral das vítimas.
 - a. A dirección dos centros docentes, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.
 - b. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.
 - c. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
2. Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.
 - a. O plan de convivencia do centro incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:
 - i. Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.
 - ii. Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
 - iii. A persoa xefa do departamento de orientación será a responsable da atención á vítima.
 - iv. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.
 - b. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.
 - c. As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.



Capítulo IX: Das actividades complementarias e extraescolares

Art. 50. Das actividades complementarias

1. Tódalas actividades que se realicen fóra do centro serán autorizadas expresamente polos pais ou titores legais.
 - a. O centro poderá optar por unha autorización global para o curso académico.
 - b. O centro poderá enviar unha circular informativa para as actividades que se realicen.
2. Os alumnos que non asistan a actividades complementarias, permanecerán no centro desenvolvendo as tarefas que se determinen para cada momento.
3. Durante a realización de actividades complementarias, o alumnado está obrigado a cumprir as normas que emanan de este regulamento, ademais daquelas que estableza o profesorado responsable da actividade.

Art. 51. Das actividades extraescolares

1. Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas por entidades sen ánimo de lucro, se realizan fóra do horario lectivo.
 - a. Deben figurar na PXA e ser aprobadas polo Consello Escolar.
 - b. O contido destas actividades non pode ser igual ou similar a do ensino oficial do currículo.
 - c. Deberán respectar a normativa reguladora da utilización das instalacións do centro.
 - d. A entidade organizadora garante a asunción da plena responsabilidade contractual respecto do persoal que a vai a desenvolver.
 - e. As actividades deben respectar os principios de voluntariedade para o alumnado, non discriminación e ausencia de lucro.
 - f. A entidade organizadora garantirá a adecuada atención e vixiancia do alumnado participante, durante a realización das actividades.
2. Disporase dun libro de incidencias onde se recollerán as conductas contrarias ás normas de convivencia por parte do alumnado.
3. Durante a realización de actividades extraescolares que supoñan a saída do centro, o alumnado está obrigado a cumprir as normas que emanan de este regulamento, ademais daquelas que estableza o profesorado responsable da actividade.



Capítulo X: Dos recursos materiais e espazos

Art. 52. Dos recursos materiais

1. Tódalos membros da comunidade educativa están obrigados a coidar, facer un uso axeitado e optimizar os recursos do centro.
2. Os materiais ou recursos asignados a un equipo ou departamento estarán custodiados polos seus membros, e os respectivos coordinadores ou xefes se encargarán de coordinar a súa utilización e mantemento.
3. Os materiais ou recursos que sexan de dispoñibilidade común estarán custodiados pola secretaria e o equipo directivo coordinará a súa utilización.
4. Os recursos materiais usados polos alumnos deberán estar sempre supervisados por un membro adulto da comunidade educativa.

Art. 53. Dos espazos

1. Tódalos membros da comunidade educativa están obrigados a respectar e coidar tódalos espazos que configuran o centro.
2. Os profesores, o/a conserxe e os delegados de grupo, teñen o deber de comunicarlle ao equipo directivo, tódalas incidencias sobre a conservación das aulas e resto dos espazos.
 - a. O alumnado que cause danos de forma intencionada nas instalacións, materiais ou recursos do centro, queda obrigado a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación ou reposición.
 - b. Así mesmo, os alumnos que substraian ou estraguen bens do centro ou de calquera membro da comunidade educativa, deberán restituílos. En ambos casos, os pais ou representantes legais dos alumnos serán os responsables civís nos termos previstos pola lei.
3. Os alumnos de ESO deben permanecer dentro da aula agás nos períodos de lecer ou cando teñan que asistir as clases que se imparten nunha aula específica ou nos Centros de integración.
 - a. Nos cambios de clase deberán agardar polo seguinte profesor, sen adoptar ningunha actitude que altere a orde dentro do aula.
4. Os alumnos de Infantil, Primaria e Formación Básica realizan os desprazamentos ao centro de integración CEIP M^a PITA acompañados dunha coidadora.
 - a. Nos cambios de clase deberán agardar polo seguinte profesor, sen adoptar ningunha actitude que altere a orde dentro do aula.
5. O departamento de Física e Química coordinará a utilización e velará polo mantemento do laboratorio.
 - a. Os alumnos seguirán tódalas normas de seguridade e hixiene establecidas polo departamento.
6. Queda prohibido para os alumnos o uso de móbil, reproductor de música, video consolas e similares durante toda a xornada escolar.
7. Queda prohibido o consumo de tabaco en todo o recinto escolar.



Capítulo XI: Dos servizos complementarios

Art. 54. Do servizo de comedor

1. O servizo de comedor establecerase desde as 14:00 horas ata as 15:10 horas.
 - a. A partir desa hora, os colaboradores acompañarán aos alumnos ata os centros respectivos.
 - b. Os pais/nais o persoas debidamente autorizadas, poderán recoller aos usuarios do comedor escolar antes do remate do servizo do comedor, sendo o lugar de recollida a porta de saída traseira do comedor.
2. Os colaboradores serán os responsables dos alumnos dos seus centros.
3. Haberá un encargado/a do comedor nomeado polo director/a.
 - a. Ámbolos dous organizarán o servizo segundo as funcións que regula a lexislación vixente.
4. Os alumnos deberán cumprir as seguintes normas:
 - a. Chegar con puntualidade.
 - b. Comer de todo.
 - c. Manter a orde.
 - d. Non sacar alimentos fóra do comedor.
 - e. E en xeral, tódalas normas de convivencia establecidas pola dirección do centro.
5. Elaborarase un menú especial por creencias relixiosas e por problemas de saúde debidamente xustificadas con informe médico.

Art. 55. Do servizo de transporte escolar

1. É responsabilidade da dirección do centro velar polo cumprimento da lexislación vixente para o servizo de transporte.
2. Será un profesor do centro o encargado de recoller aos alumnos/as que usan o transporte escolar e de custodialos xunto coa coidadora do centro desde as 08:40 a 08:45 no caso do alumnado de ESO e de 08:40 a 09:00 no caso do alumnado de EI, EP e FB.
 - a. Os alumnos permanecerán no recibidor que dá acceso ás aulas do 1º andar ata que sexan recollidos polos diferentes profesores.
3. Haberá unha revisión anual das paradas establecidas para cada itinerario segundo as directrices da Consellería.
4. Proporcionarase ás empresas concesionarias tódolos datos necesarios para un bo funcionamento do servizo.
5. Para a regulación das entradas e as saídas guiarémonos polos art. 15, 16 e 17 destas normas de organización e funcionamento.



Capítulo XII: Da utilización das instalacións do centro fóra do horario lectivo

Art. 56. Da solicitude uso das instalacións do centro fóra do horario lectivo

1. Solicitarase á Dirección do centro, o uso das instalacións do centro indicando o tipo de actividade, posibles participantes e datas de realización.
2. O uso das instalacións do centro fóra do horario lectivo por persoas físicas ou xurídicas deberá porse en coñecemento do Consello Escolar previa petición dos mesmos.
 - a. Este aprobará o seu uso e a copia da acta será remitida á Inspección Educativa e á Xefa Territorial.

Art. 57. Do uso das instalacións do centro fóra do horario lectivo

1. As actividades non deberán impedir nin menoscabar o labor educativo institucional.
2. Durante as actividades organizadas fóra de horario lectivo haberá unha persoa física ou xurídica expresamente responsable das mesmas.
3. As actividades a desenvolver adecuaranse aos espazos físicos nos que se impartan.
4. As actividades deben respectar os principios de voluntariedade, non discriminación e ausencia de lucro
5. A entidade organizadora da actividade responsabilízase dos gastos e da reparación dos danos que poida ocasionar.
6. O uso do Centro non pode afectar a aquelas partes das instalacións reservadas ás tarefas organizativas e xurídico-administrativas do profesorado, sala de mestres e onde exista documentación obxecto de custodia, documentos confidenciais sometidos a secreto profesional.
7. O uso de instalacións, locais e materiais fóra de horario lectivo por parte de entidade autorizada, libera ao profesorado e equipo directivo de calquera responsabilidade tanto no referente ás instalacións coma no referente á vixilancia e atención aos participantes.



Capítulo XIII: Do procedemento de asistencia sanitaria

Art. 58. Das pilas das próteses auditivas.

1. No almacén do centro haberá un reposto de pilas proporcionadas polos pais/nais co nome de cada alumno.
2. O titor será o encargado de avisar aos pais/nais para a súa reposición cando o considere oportuno.
3. No caso de alumnos que non sexan competentes para facer o cambio de pilas será un adulto da comunidade educativa o responsable de facer o cambio. En todo caso, o cambio sempre se fará coa supervisión dun adulto.

Art. 59. Do procedemento a seguir no caso de enfermidades crónicas.

1. Os pais/nais entregarán ao xefe do Departamento de Orientación un informe médico no que deberá constar polo menos:
 - a. O diagnóstico.
 - b. As medidas que se deben adoptar.
2. O xefe do departamento de Orientación informará ao xefe de estudos e aos profesionais involucrados na atención educativa do alumno.
3. Serán os cuidadores do centro os encargados de suministrar a medicación aos alumnos.
4. Non se administrarán medicamentos en procesos infecciosos agudos.

Art. 60. Da necesidade dos alumnos de tomar medicación durante a xornada escolar.

1. Os pais/nais ou titores legais deberán informar ao titor aportando o informe médico correspondente onde conste:
 - a. O nome do medicamento.
 - b. A dose que debe tomar.
 - c. A hora de toma do medicamento.
2. Os pais/nais ou titores legais son os responsables de entregar ao titor o medicamento correspondente para a súa administración.

Art. 61. Do procedemento a seguir no caso de asistencia sanitaria

1. En caso de enfermidade ou accidente do alumnado durante a actividade escolar:
 - a. Avisarase ao 061
 - b. Poñerase de inmediato en coñecemento da súa familia.
 - c. No suposto de que os profesionais do 061 decidan trasladar ao alumno enfermo ou accidentado a un centro hospitalario e que un familiar non poidiera facerse cargo do alumno, tentarase que este sexa acompañado por un membro do claustro de profesores.
2. O procedemento de asistencia sanitaria non poderá en ningún caso contradecir o exposto no Plan de Autoprotección do centro.



Capítulo XIV: Da revisión das Normas de Organización e funcionamento

Art. 62 . Da revisión das normas de organización e funcionamento

1. O presente Regulamento é de obrigado cumprimento para tódalos membros da comunidade educativa.
2. A modificación destas Normas de Convivencia e Funcionamento poderá facerse por iniciativa do Equipo Directivo, do Claustro ou do Consello Escolar ou cando a normativa vixente na que se substenta varíe.
3. Este documento será sometido a revisión sempre co pida un terzo dos compoñentes dalgún dos órganos colexiados do centro, ou cando o marco legal sufra cambios substanciais.

CEE Nosa Sra. do Rosario